

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES CONSTRUCCIÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL EN “A TRABE”, (PONTECESO)

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto

O contrato terá por obxecto a execución da seguinte obra: Construción dun Polideportivo Municipal en “A Trabe”, (Ponteceso).

CNAE:45
CPV:45000000

O proxecto reúne os requisitos do artigo 1 do Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de Novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

Mediante a execución do contrato a que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares cúmprese a seguinte necesidade: Contribuír a mellorar as necesidades da poboación do concello en canto á actividade deportiva, mellorando o rendemento e a saúde de todos os veciños.

CLÁUSULA TERCEIRA. Presuposto base de licitación

- a) O presuposto base de licitación ten un importe de: 990.829,31 euros.
- b) O Imposto sobre o Valor Engadido ascende a 158.532,69 euros
- c) O presuposto total do contrato, impostos incluídos ascende a 1.149.362,00 euros.

Para todos os efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos aprobados están incluídos todos os gastos que o adxudicatario debe facer para cumprir ás prestacións contratadas, como son os xerais, financeiros, seguros, transporte e desprazamentos, honorarios do persoal o seu cargo e toda clase de tributos, en especial o imposto sobre o valor engadido (sen prexuízo de que o importe deste imposto indíquese como partida independente, de conformidade co art. 75.2 da Lei de Contratos do Sector Público (En adiante LCSP) e no modelo de oferta económica do presente prego), e calquera outro que se puidese establecer ou modificar durante a vixencia do contrato, sen que poidan ser repercutidos como partida independente.

CLÁUSULA CUARTA. Anualidades en que se distribúe

O pagamento das cantidades correspondentes ao presuposto do contrato aboarase nunha soa anualidade correspondente ao ano 2009.

CLÁUSULA QUINTA. Aplicación orzamentaria

O proxecto finánciase con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de Novembro.

Aprobación do Secretario de Estado de Cooperación Territorial (art. 5.4 do Real Decreto-Lei 9/2008), por Resolución de data 12 de Febreiro de 2009.

O prezo aboarase con cargo á partida 2009.452.9a.622.00 do vixente orzamento, existindo crédito suficiente para ou seu aboamento.

CLÁUSULA SEXTA. Réxime xurídico do contrato e documentos que teñen carácter contractual

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de Novembro polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego, e aproba créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á lei 30/2007

Ademais do presente prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- Os planos.
- A memoria do proxecto co contido que se determina no artigo 128 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- O programa de traballo aceptado polo órgano de contratación.
- Os cadros de prezos.
- O documento en que se formalice o contrato.

CLÁUSULA SÉTIMA. Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución do contrato será de 9 meses a contar dende a data da sinatura da Acta de Replanteo e deberá concluír antes do día 1 de xaneiro de 2010. (En todo caso deberá cumprirse o disposto no artigo 7.1 do Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de novembro)

O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

CLÁUSULA OITAVA. Procedemento de adxudicación

O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e trámite de urxencia a que se refiren o artigos 96 da Lei para os efectos de redución de prazos, así como o artigo 9.1. do Real Decreto Lei 9/2008.

CLÁUSULA NOVENA. Importe máximo dos gastos de publicidade de Licitación do Contrato que debe aboar o adxudicatario

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade da licitación.

CLÁUSULA DÉCIMA. Gastos a aboar en caso de renuncia ou desistimiento

En caso de renuncia ou desistimiento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que incorrese. Iso non obstante, esta indemnización non superará en ningún caso o límite de 3.000 euros.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Clasificación esixible

Os licitadores deberán acreditar estar clasificado nos seguintes grupos, subgrupos e categorías:

Grupo: C

Subgrupo: Todos

Categoría: E

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Garantías Esixibles

- Provisional: Os licitadores deberán presentar unha garantía provisional polo importe do 3 por 100 do presuposto base de licitación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.
- Definitiva: O licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, excluído o IVE.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Presentación de Proposicións

O procedemento para a adxudicación do presente contrato anunciarase non Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e non perfil de contratante do órgano de contratación (www.ponteceso.net)

As ofertas presentaranse non Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso (Rúa Concello nº 18), en horario de atención ao público (de 08 a 14.30 hs) dentro do prazo de 13 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

As proposicións para a licitación presentaranse en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorran e asinados polo licitador ou a persoa que o represente, e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Os sobres presentaranse nas dependencias ou oficinas do órgano de contratación designadas no anuncio do contrato, dando ao presentador como acreditación recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación.

De igual modo, as proposicións poderán ser presentadas por correo. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e

anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

CLÁUSULA DÉCIMOCUARTA. Forma en que Deben Presentarse as Proposicións

As proposicións presentaranse en tres sobres numerados correlativamente:

A. O SOBRE NÚMERO 1. Conterá, de conformidade co que dispón o artigo 130 da Lei 30/2008, do 30 de Outubro, a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas Leis:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial da cal radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación: Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuio nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita incrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

Os poderes deberán ser bastanteados previamente polo secretario/a da corporación ou funcionario habilitado.

3º) Documento de compromiso de constituír unha Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal achegarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituila. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarase a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para todos os efectos relativos ao contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

4º) Documentos acreditativos da clasificación. Cando sexa esixible a clasificación do contratista incluírase o certificado que acredite que a empresa licitadora está clasificada nos termos esixidos neste prego. Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se atopen inscritas, acompañando a correspondente certificación donde se recollan os extremos a que se refire o artigo 303 de la LCSP, en cuio caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios co fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos.

As empresas que se atopen pendentes de obter a clasificación, deberán achegar o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar que obtivo a clasificación esixida no prazo previsto para a subsanación de defectos ou omisións na documentación.

A falta ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

As empresas comunitarias, non españolas, poderán acreditar a clasificación mediante os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a súa inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea ou mediante certificación emitida por organismos que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que estea establecido o empresario. Os devanditos documentos deberán indicar as referencias que permitiran a inscrición do empresario na lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida.

5º) Documento constitutivo da garantía provisional ou resguardo acreditativo da súa constitución.

6º) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar que incluírá a manifestación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario ao favor do cal se vaia efectuar esta. . De conformidade co seguinte modelo:

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR.

D.....con DNI.....e domicilio enen nome propio ou en representación da empresa.....con CIF.....en calidade deDECLARA baixo a súa persoal responsabilidade:

Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no artigo 49 e 130.1.c) de la LCSP.

Asimismo, declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente).

8º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeira. As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato se vaia a executar en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

9º) Domicilio: Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

10) Empresas que teñan no seu equipo persoas con minusvalidez ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretenda contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 6ª da LCSP, deberán achegar os documentos que acrediten que, ao tempo de presentar a súa proposición, teñen no seu equipo un número de traballadores con minusvalidez superior ao 2 por 100 ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 6º da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público.

B) O SOBRE Nº 2. Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido. A oferta económica presentarse conforme ao modelo que se incorpora como Anexo I.

Neste mesmo sobre incluíranse os documentos relativos aos criterios de valoración, distintos do prezo, que deban avaliarse mediante a aplicación dunha fórmula. En particular deberán incluírse os seguintes:

- Número de persoal desempregado a contratar para a execución da obra.
- Proposta de redución de prazos de execución.

C) O SOBRE Nº 3: Incluíranse aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor. En particular deberán incluírse os seguintes:

- Programa de traballo e protección ambiental
- Plan de seguridade e saúde
- Programa de control interno de calidade.

- Programa de traballo e protección ambiental

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemente das distintas unidades a realizar en cada prazo. Deberá incluír:

- a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da

- calidade de materiais, sistemas constructivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.
- b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (analizado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, se é o caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.
 - c) Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución da obra e en especial:
 - reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais
 - rexeneración de espazos
 - indicación de vertedoiros autorizados onde se van a trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derrubamentos.
 - d) Descrición fotográfica da obra: describirase a forma en que se documentará fotográficamente a evolución das obras. A dita documentación entregaráselle á administración na data da Acta de Recepción.

O contratista deberá colocar no exterior da obra, en sitio visible, preferentemente na fachada ou no cerramento un cartel anunciador de que dita obra está financiada con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

- Programa de control interno de calidade.

1. A oferta conterá, así mesmo de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vai desenvolver durante a execución das obras, con independencia do que realice a administración.
2. Así mesmo figurará a porcentaxe expresada con dous decimais aplicada sobre o orzamento de execución material da obra que a empresa contratará cunha empresa homologada e non vinculada á empresa licitadora, axustado ao seguinte modelo:

Don..... En nome e representación da empresa.....comprométese a destinar o ...% (1) sobre o orzamento de execución material da obra cuxa denominación é a seguinte... de acordo co previsto na cláusula 14.c do Prego

(lugar, data e sinatura)

(1) Expresado con dos decimales

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

c) Esquema do plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención a adoptar
- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica
- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto aos resultados en materia de Seguridade Social.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

CLÁUSULA DÉCIMOQUINTA. Prazo de presentación das proposicións e demais requisitos das mesmas

As proposicións presentaranse dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto e do prego de prescricións técnicas, sen salvidade ou reserva ningunha.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público destas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

CLÁUSULA DÉCIMOSEXTA. Criterios para a adxudicación do contrato

A adxudicación do contrato efectuarase mediante a valoración dos seguintes criterios:

CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR:

- a) Programa de traballo e protección ambiental (de 0 a 20 puntos)
- b) Plan de seguridade e saúde (de 0 a 10 puntos)
- c) Programa de control interno de calidade (de 0 a 5 puntos)

CRITERIOS VALORABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS

- a) O número total de traballadores desempregados que se utilizará na execución do contrato. (De 0 a 40 puntos). Asignaranse 40 puntos ao licitador que indique na súa oferta o maior número de novos contratos a celebrar con traballadores desempregados, puntuándose as restantes ofertas de forma proporcional, por regra matemática de tres.
- b) Proposta de redución de prazos: (De 0 a 20 puntos)
- c) Oferta económica: (De 0 a 5 puntos)

Para valorar aqueles criterios que dependan dun xuízo de valor, esixirase informe técnico motivado, no que se xustifique o porqué da puntuación de forma razoada.

Os criterios b) e c), valorables mediante a aplicación de fórmulas, calcularanse do seguinte xeito:

As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática. Neste senso outorgaráselle maior puntuación á empresa que mellor oferta realice, e ás restantes empresas puntuaráselles en proporción a esta por regra matemática de tres. Non obstante, de presentarse todas as ofertas con baixa 0, será o informe técnico motivado o que determine a mellor oferta que, en abstracto, podería obterse respecto a este criterio e, en relación con esta, outorgaráselle a correspondente puntuación por regra matemática de proporcionalidade ás restantes.

De conformidade co disposto na Disposición Adicional Sexta da Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público, establécese a prioridade na adxudicación do contrato en caso de empate, á proposición presentada polo licitador que no momento de presentar a proposición teña no seu equipo un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

CLÁUSULA DÉCIMOSEPTIMA. Variantes

Os licitadores non poderán propoñer variantes ou melloras ao proxecto.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Criterios para a Consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados

Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media total dos ofertados.

CLÁUSULA DÉCIMONOVENA. Confidencialidade

Sen prexuízo das disposicións da Lei 30/2007, do 30 de outubro, relativas á publicidade da adxudicación e a información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos seus aspectos confidenciais.

Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual xeito, o contratista deberá respetar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dera o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Revisión de prezos

Por aplicación do disposto no artigo 77.1 da Lei de contratos do Sector Público en relación coa cláusula 7 non existe revisión de prezos.

CLÁUSULA VIXÉSIMOPRIMEIRA. Apertura da documentación e das proposicións

a) Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas designaranse as persoas que comporán a Mesa de contratación de conformidade co establecido na disposición adicional segunda, apartado 10, da Lei de contratos do sector público.

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público, efectuarase pola mesa de contratación constituída ao efecto. O Presidente ordenará a apertura dos sobres que a conteñan, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

b) Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación que se inclúe no sobre nº 1, comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia mesa de contratación.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

c) Unha vez cualificada a documentación e emendados, se é o caso, os defectos ou omisións da documentación presentada a mesa declarará admitidos á licitación aos licitadores que acreditaran o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 130 da Lei, procedéndose, no seu caso, ao exame e valoración da solvencia, conforme se prevé no artigo 82 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

d) Unha vez realizadas estas actuacións, o acto público de apertura das proposicións celebrarase no lugar e día que previamente se sinalara observándose no seu desenvolvemento as formalidades previstas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Cando na adxudicación se deban ter en conta varios criterios de valoración das ofertas, antes de comezar o acto público en que se abran as ofertas económicas darase lectura á valoración dos aspectos técnicos das proposicións a que se refire a documentación contida no sobre núm. 3.

CLÁUSULA VIXÉSIMOSEGUNDA. Adjudicación provisional e definitiva

A adjudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada e publicarase conforme ao establecido no artigo 135.3 da Lei de Contratos do Sector Público.

En todo caso, a adjudicación provisional dos correspondentes contratos deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días naturais, contados dende que finalice o prazo de presentación de proposicións.

Para que a adjudicación provisional sexa elevada a definitiva, o adjudicatario deberá presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.
- A adjudicación provisional deberá elevarse a definitiva mediante resolución motivada dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo establecido no artigo 135.4, párrafo primeiro (10 días).
- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá achegarse antes da formalización do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMOTERCEIRA. Responsable do contrato, dirección da obra e delegado da obra

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme ao establecido no artigo 41 da Lei de contratos do sector público.

O Director de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O Director das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.

CLÁUSULA VIXÉSIMOCUARTA. Comprobación do replanteo e programa de traballos

No prazo de quince días naturais como máximo, contados a partir da data de formalización do contrato deberá realizarse o replanteo e extenderse a acta relativa a este.

O adjudicatario deberá presentar un programa de traballos para que sexa aprobado polo órgano de Contratación. O devandito programa deberá presentarse en prazo non superior a quince días naturais dende a formalización do contrato e desenvolverá o presentado coa súa proposición, que non poderá modificar ningunha das

condicións contractuais. Á vista deste, o órgano de contratación resolverá sobre a súa aplicación, incorporándose ao contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMOQUINTA. Plan de seguridade e saúde no traballo

No prazo de quince días naturais dende a notificación da adxudicación definitiva o contratista presentará ao Órgano de contratación o Plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado no prazo de cinco días naturais sobre a procedencia da súa aprobación.

En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será dun mes dende a sinatura do contrato. Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no parágrafo anterior, non fose posible empezar as obras ao recibir autorización para o seu inicio, non poderá reclamar ampliación ningunha de prazo por este motivo.

CLÁUSULA VIXÉSIMOSEXTA. Prazos

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se establecesen, que comezarán a contar para o adxudicatario a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación do replanteo.

CLÁUSULA VIXÉSIMOSEPTIMA. Réxime de pagamentos

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados que se aboarán de conformidade co establecido nos artigos 200 e 215 da Lei de Contratos do Sector Público e 147 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

De conformidade co disposto no artigo 9.5 do Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de novembro, os concellos terán a obriga de aboar aos contratistas o prezo das obras dentro dos trinta días naturais seguintes á data de expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA. Condicións especiais de execución

Será condición de execución do contrato a que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 9.2 do Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de novembro, que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución de obras se atope en situación de desemprego conforme ao previsto no artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social. A contratación dos desempregados deberá facerse preferentemente a través de oferta ao Servizo Galego de Colocación. O número do devandito persoal, debe coincidir, como mínimo e ineludiblemente, coa oferta do adxudicatario relativa ao número de novos traballadores que se vaian a contratar para a execución do contrato. Para a acreditación do cumprimento da devandita condición o adxudicatario debe presentar durante a execución do contrato e, en todo caso, antes de emitirse a certificación final, unha declaración acreditativa dos postos de traballo

creados así como das altas dos novos traballadores e das baixas que se teñan producido, cos seguintes datos:

- Relación dos novos trabajadores contratados, indicando nome, apelidos e número de documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro.
- Modalidade de contratación de cada traballador
- Período de vixencia de cada contrato

CLÁUSULA VIXÉSIMONOVENA. Penalidades

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) Por incumprimento das condicións especiais de execución. O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da Lei de Contratos do Sector Público.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción das obras.

Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal nos termos indicados na cláusula anterior, será considerada como infracción moi grave aos efectos previstos no artigo 102.2 da Lei de Contratos do Sector Público sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se atopase en situación de paro superior ao 50% do total da contratada como nova.

b) Por cumprimento defectuoso. Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se, ao tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá o contratista da obriga que legalmente incúmbelle en canto á reparación dos defectos.

c) Por incumprir criterios de adxudicación. Imporanse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Se, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ao contratista, se incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao volume de man de obra a utilizar na execución do contrato.

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por demora. Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total coma cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 196 da Lei de Contratos do Sector Público en canto á imposición destas penalidades.

CLÁUSULA TRIXÉSIMA. Subcontratación

A subcontratación rexerase polo disposto na Lei de Contratos do Sector Público (arts. 210 e 211) e na Lei 32/2006, do 18 de Outubro, Reguladora da subcontratación no sector da construción.

En todo caso, e de conformidade co que dispón o artigo 9.5 do Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de novembro, os contratistas deberán aboar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións a realización das cales lles encomendaran no prazo máximo de trinta días naturais, computado dende a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 da Lei de Contratos do Sector Público ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación imporase a penalidade regulada no artigo 210.3, con suxeición ao seguinte:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da LCSP.

- Como regra xeral, a súa contía será unha 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO PRIMEIRA. Cumprimento do contrato

A recepción do contrato rexeráse polo establecido no artigo 218 da Lei de Contratos do Sector Público e nos artigos 163 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Ao tempo da recepción comprobaráse en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- O despexe final das obras, debendo o contratista restituír á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- O cumprimento non defectuoso do contrato
- O cumprimento dos criterios de adxudicación.
- O cumprimento das condicións de execución.

Durante a execución do contrato a empresa adxudicataria informará ao órgano de contratación mediante a presentación da correspondente declaración acreditativa dos postos de traballo creados así como das altas de novos traballadores e das baixas que se produzan.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO SEGUNDA. Resolución do contrato

A resolución do contrato rexeráse polo establecido con carácter xeral nos artigos 205 a 208 da Lei de Contratos do Sector Público e especificamente para o contrato de obras nos artigos 220 a 222 da devandita Lei, así como nos artigos 109 a 113 e 172 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En particular considerarase causa de resolución de contrato o suposto de incumprimento da condición de execución establecida na cláusula 28 no seu primeiro parágrafo cando este se deba considerar como moi grave de conformidade co establecido na cláusula 29.1 no seu último parágrafo.

En todo caso en caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 208.4 da Lei.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO TERCEIRA. Prazo de garantía

O prazo de garantía será de un ano e comezará a partir da data da recepción.

Durante este prazo aplicarase o establecido no artigo 167 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en canto ás obrigas do contratista, así como no relativo á facultade da Administración de, en caso de incumprimento, executar a costa daquel os traballos necesarios para a conservación da obra.

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán de conta do contratista non tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto. Exceptúanse os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Corporación, se ben esta terá a facultade de esixir ao contratista que realice as obras de reparación.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO CUARTA. Liquidación

Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula anterior procederáse á liquidación do contrato conforme ao disposto no artigo 179 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO QUINTA. Xurisdición

As cuestións que poidan formularse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdición contencioso-administrativa.

En Ponteceso, a 10 de marzo de 2009

O Alcalde,

José Luís Fondo Aguiar

ANEXO I. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

MODELO DE PROPOSICIÓN:

D -----teléfono-----
-----con enderezo en-----rúa-----
---con DNI nº (ou pasaporte que o susutitúa) -----actuando en nome propio / en representación de ----- con DNI nº/CIF nº -----
-----domicilio-----, teléfono-----
----- toma parte no procedemento aberto, anunciado no BOP da Provincia da nº..... de data.....e no Perfil do Contratante, para a adxudicación da obra de -----a cuxos efectos fai constar:

1º.- Que ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezo sen IVE -----€ (en letra e cifra).
- B) IVE:----- € (en letra e cifra)
- C) TOTAL: A+B:-----€ (en letra e cifra)

No caso de contradicción entre a cantidade en letra e no número, darase validez á expresada en letra.

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas administrativas do presente contrato.

3º.- Que acompaña a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas.

-----,-----de-----de 2009

O LICITADOR

Asdo:-----

ANEXO II

MODELO DE COMPROMISO DE FOMENTO DO EMPREGO

D.....con DNI.....veciño de....., con domicilio a efectos de notificacións en.....teléfono....., actuando en nome de.....con CIF.....en calidade de.....

EXPÓN:

Que enterado das condicións e requisitos, que acepta, e que se esixen para a adjudicación por procedemento aberto varios criterios de adxudicación da obra que a continuación se especifica, a cuja realización se compromete na súa totalidade con estrita suxeición ao proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares presenta a seguinte oferta:

EMPRESA OFERTANTE:

DENOMINACIÓN DA OBRA:

NÚMERO DE TRABALLADORES A OCUPAR NA EXECUCIÓN DO CONTRATO:

1. Número de traballadores correspondentes a novos contratos, celebrados con persoas en situación legal de desemprego.
2. Desglose dos contratos por categorías, indicando o número de cada un deles (.....)

(Lugar, data e sinatura da persoa que propón)

